



ACTA Nº 26/06

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 26 DE XUÑO DO 2.006

APROBACIÓN BASES UTILIZACIÓN LOCAIS SOCIOCULTURAI

Vista a proposta do Concelleiro de Cultura de data 21 de xuño e 2006, que literalmente di:

“Ante as disfuncións e problemas detectados no uso dos locais socioculturais propiedade do Concello ou de administración e xestión municipal en réxime de alugueiro, esta Concellaría de Cultura solicitou ao responsábel do Departamento de Cultura a elaboración dun Regulamento para a utilización de locais socioculturais do Concello de Moaña, na sesión do 22 de marzo de 2006, co acordo unánime da Comisión Municipal de Cultura.

Elaboradas as Bases e completado o proceso participativo de consulta e recepción de suxestións e propostas das asociacións usuarias dos locais, a Comisión Informativa de Cultura do día 14 de xuño de 2006 deu por rematado o proceso de debate, pasando a aprobar por unanimidade as citadas Bases que se xuntan a esta proposta.

Solicítase da Xunta de Goberno local a aprobación e posta en marcha do Regulamento para a utilización de locais socioculturais do Concello de Moaña.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda: aprobar as bases do regulamento para utilización de locais socioculturais do Concello de Moaña.

ANEXO

PREÁMBULO:

O Concello de Moaña dispón dunha serie de dotacións para a realización de actividade sociocultural, tanto de propiedade municipal como en réxime de alugueiro.

Destes locais son propiedades patrimoniais do Concello:

Centro Sociocultural Daniel Castelao, en Quintela.
Centro Sociocultural Rosalía de Castro, en Domaio.
Centro Sociocultural de Tirán.
Centro Sociocultural San Martiño, en Abelendo.
Centro Sociocultural de Verducedo.

Están en réxime de alugueiro:

Aula Sociocultural Ramón Cabanillas, no barrio do Real.
Centro Sociocultural do Real.
Casa da Mocidade, na Martinga.
Aula Sociocultural de Meira, no barrio de Cadabón.

En todas estas dotacións públicas realízanse actividades de diverso tipo, unhas propias



do Concello de Moaña e outras por parte de asociacións e particulares, e están sometidas todas ás ordenanzas municipais que regulan o uso de locais públicos.

Derivado do uso continuo destes locais, o Departamento de Cultura do Concello, encargado da súa administración e control, ten detectado varios problemas relacionados con:

- *Regulamento de horarios.
- *Accesibilidade externa e interna.
- *Réxime de cesión de locais.
- *Actividade pública e privada.
- *Propiedade de mobiliario e equipos.
- *Publicidade das actividades realizadas.

En función do exposto, o Departamento de Cultura do Concello de Moaña, propón as seguintes

BASES DE REGULAMENTO

1. Os locais públicos anteriormente citados, tanto os de réxime de propiedade como en alugueiro, compétenlle no seu uso, administración e xestión, ao Departamento de Cultura do Concello de Moaña.
2. Todos os colectivos e/ou persoas interesadas na utilización dos locais farán a correspondente solicitude de uso ante o Concello, na que farán constar a actividade, horario e calendario.
3. O Departamento de Cultura -tras a audiencia aos colectivos e/ou persoas interesadas no uso dos locais socioculturais- elaborará un calendario de utilización dos locais, onde se recollerán -na medida do posíbel- días e horarios correspondentes a cada colectivo ou usuario/a.
4. A utilización dos locais por parte de usuarios/as ou colectivos será sempre en réxime de cesión de uso polo tempo calculado para cada actividade solicitada. No caso de ser actividade continuada, o prazo será igual a un ano natural, con posibilidade de prórroga, e o colectivo deberá estar debidamente legalizado e inscrito no Libro de Rexistro de Asociacións do Concello de Moaña.
5. Os colectivos e usuarios/as deberán gardar as normas de seguridade, hixiene, saúde e limpeza dos locais.
6. No caso de coincidencia de uso entre actividades asociativas ou particulares e actos do Concello, terán preferencia estes últimos.
7. Para a recollida e tenza de chaves -tanto exteriores como interiores- establecerase a norma xeral de recollida na Casa do Concello, no Departamento de Cultura ou en dependencias da Policía municipal.
8. No caso de colectivos con permiso e/ou persoas con suficiente acreditación ao entender do Concello, nomearán un responsábel da recollida, tenza e/ou devolución da chave. Esta persoa será, para todos os efectos, a responsábel de que a actividade solicitada se leve a cabo nas condicións normais de funcionamento do centro cultural e será tamén responsábel de calquera



problema xurdido durante o tempo de realización da actividade ou de tenza da chave.

9. O Concello subministrará a cada centro un Libro de Rexistro de actividades, onde os colectivos ou persoas usuarias deberán anotar os datos de cada acto, horario de comezo e remate, tipo de actividade e nome e sinatura da persoa responsábel.
10. O mobiliario ou equipamentos pertencentes ao patrimonio municipal non poderán ser modificados, desprazados do seu lugar habitual ou transportados fóra do recinto sen contar co permiso explícito do Concello.
11. Non se poderán facer actividades de utilidade privada ou con fins de lucro nestes centros. Calquera actividade que signifique contrato económico, pagamento de usuarios ou monitores, etc., deberá ser solicitada ao Departamento de Cultura e aprobada expresamente polo Concello antes de que se realice. Na solicitude constarán todos os detalles organizativos, ingresos, cotas, etc.
12. No caso de contratos privados, actividades de grupo e outras nas que se poidan rexistrar accidentes de persoas, usos inapropiados ou danos nos locais ou mobiliario, furtos, roubos, etc., o Concello declina a responsabilidade, pasando a ser esta dos seus organizadores/as.
13. As actividades que teñan lugar nestes locais e contén con publicidade, deberán informar verazmente sobre o seu carácter público, contido e organización, terán sempre o idioma galego como vehículo de expresión. Para os efectos da súa corrección lingüística, poderán solicitala no Servizo de Normalización Lingüística do Concello.
14. O Concello poderá inspeccionar as actividades realizadas nos locais. Caso de detectar incorreccións, incumprimentos ou negligencias graves, tras a audiencia dos colectivos e/ou persoas interesadas, poderá anular a autorización de uso.
15. En caso de incumprimento grave das presentes Bases de regulamento, o Concello de Moaña, por proposta da Concellaría de Cultura, establecerá o tipo de sancións.